
Miño
Guía e mapa Turístico

Vilanova
Costa Miño
Perbes
Castro
Carantoña
Leiro
Río Xarío
Río Baxoi
Miño
Bañobre
Bemantes
A Ponte do Porco
Río Medio
Río Lambre
Callobre


1 A Ponte do Porco


2 Praia da Alameda


3 Senda dos Sentidos


4 Praia da Ribeira e paseo maritimo


5 Porto Deportivo


6 Camiño de Santiago Albergue de peregrinos



7 Praia Grande de Miño


8 Marismas do Río Baxoi



9 Parque das Idades


10 Praia de Perbes



11 Igrexa de Vilanova


12 Fraga do Xarío


13 Campo de Golf Costa Miño


14 Ponte Baxoi


15 Muíño de vento de Boucelo


16 Igrexa de San Tomé de Bemantes


17 Conxunto Ruta dos muíños / Capela de Guadalupe


18 Igrexa de S.Xoán de Callobre

www.turismodemiño.com

TURISMO EN CAMIÑO

Oficina de Turismo de Miño

R/ Estrada da Praia s/n, CP 15630, Miño, A Coruña
turismomino@gmail.com
www.turismodemiño.com

Síguenos en redes sociais

@minoturismo @minoturismo @minoturismo Turismo Miño

Oficinas Municipais	981 782 058
Policía Local	600 416 115
Turismo	607 803 569

Lenda

- Patrimonio Cultural
- Patrimonio Natural
- Praias e areais
- Espazos de Recreo
- Camiño de Santiago
- Autestrada
- Estrada nacional
- Estrada Secundaria
- Vía ferroviaria
- Camiño de Santiago
- Ríos

Concello de MIÑO
Deputación DA CORUÑA
GEO GALICIA EVENTOS E OCIO

TURISMO EN CAMIÑO

Dámosche a benvida ao Concello de Miño

Invitámoste a gozar do noso patrimonio natural bañado polo mar e tres ríos...

Descubre sen présa fermosas paraxes percorrendo os paseos marítimos, sendas entre árbores autóctonas, marismas con gran diversidade de aves e praias de augas temperadas.

Coñece a nosa historia visitando monumentos e construcións centenarias no **Camiño de Santiago**, **pontes medievais** e **muíños de auga e ata de vento**.

En Miño tes moito para ver, ven e víveo!

Escanea os códigos QR e descubre como chegar a cada lugar



Praia da Ribeira / Paseo marítimo

Praia urbana de augas tranquilas e resgardada dos ventos, que dispón dun gran paseo con fermosas vistas á ría de Betanzos.

Conta con diferentes tipos de servizos como duchas, aseos, socorrismo e posto de praia.

4



Porto deportivo

Porto de uso mixto deportivo-pesqueiro a continuación do paseo marítimo que dispón de dous pantaláns de 72 metros e 123 puntos de amarre. Tamén alberga as instalacións da Cofraría de Pescadores de Miño.

Eslora máxima: 7 metros
Caldo: 1 metro

5



Camiño de Santiago

O Camiño Inglés cruza o corazón das terras de Miño.

Este camiño debe o seu nome aos ingleses, escoceses e irlandeses que chegaban a Galicia en barco e atracaban nas seguras rías da Coruña e Ferrol.

*O QR indica o camiño ao albergue.

7



Praia de Perbes

540 metros de praia nun contorno semiurbano, en forma de media concha, de area branca e fina. Resgardada dos ventos, as súas augas son tranquilas e frescas.

Como curiosidade, está compartida co concello de Pontedeume.

10




Igrexa de Vilanova

É unha das obras máis antigas do rómanico galego de finais do S.XI, anterior á construción da Catedral de Santiago.

Destaca o seu ábside semicircular e a pila bautismal de características románicas.

11



Fraga do Xarío

As fragas son bosques antigos poboados por especies caducifolias lonxevas que xeran un ambiente fresco no seu interior. Espazo natural de especial relevancia paisaxística que transcorre á beira do río Xarío.

Ao longo da senda pódense contemplar os antigos muíños de auga, pertencentes a unha familia da zona.

12



Igrexa de S.Tomé de Bemantes

De estilo barroco, destaca a pía bautismal románica. Nos muros laterais ábrense tres arcos góticos e unha porta rematada cun arco de mediopunto. A fachada principal, de composición simétrica e reformada no s.XVIII, posúe unha porta rematada cun arco plano. No adro, xunto á capela do Evanxeo, hai un sartego antropomorfo do s.XII.

16



Conxunto Ruta dos muíños / Capela de Guadalupe

Senda Circular de 1,3Km que percorre un tramo do río Medio, atravesando un denso bosque de ribeira, no que se atopan 4 muíños tradicionais. A ruta finaliza na Capela de Guadalupe e na fonte de Augas Santas.

17



Igrexa de S.Xoán de Callobre

Concentra a súa decoración na fachada principal. De estilo Barroco, no seu interior pódense admirar os altares de San Xoán e a Dolorosa, o coro e a pía bautismal de características románicas. Destacan dous reloxos de sol que datan do ano 1814.

18



A Ponte do Porco

Conta a lenda que sobre esta ponte, Roxín Roxal degolou coa súa daga o xabarín que matou a súa amada Tareixa.

O cruceiro coa imaxe dun xabarín, símbolo da familia Andrade, está adicada a Fernán Pérez de Andrade "o Bo", benfeitor da comarca, simbolizando o triunfo do ben sobre o mal.

1



Praia da Alameda

Praia tranquila de area branca e fina situada na desembocadura do río Lambre. O areal está integrado dentro da Rede Natura 2000 por ser un espazo de gran valor medioambiental e paisaxístico.

Pódese percorrer o contorno a través dunha pasarela de madeira.

2



Senda dos sentidos

Senda duns 1050 metros que bordea o litoral dende A Ponte do Porco ata o paseo marítimo da Ribeira. Durante toda a senda pódense desfrutar dunhas vistas espectaculares da ría de Betanzos. É unha zona de especial conservación, a flora e a fauna que se atopa ten moita importancia para a conservación da biodiversidade.

3



Praia Grande de Miño

Ampla praia de area dourada e augas tranquilas, prolongada por un complexo dunar. Situado á beira dunha marisma que forma a desembocadura do río Baxoi, conta cun espectacular paseo marítimo e todos os servizos de duchas, aseos, socorrismo e accesibilidade, así como establecementos de restauración e postos de praia.

6



Marismas do Río Baxoi

Humedal costeiro cuberto por xuncais e composto por chairas intermareais areosas e fangosas. Posúe un valor excepcional para a conservación de hábitats mariños e ecosistemas dunares.

Alberga poboacións de notable interese ornitolóxico durante os movementos migratorios.


8



Parque das Idades

Parque adicado ás distintas etapas da vida do ser humano: mocidade, madurez e vellez. Así como ao medio natural que o rodea, estimulando o coidado do medio ambiente e a actividade física e mental mediante xogos interactivos que se poden atopar ao longo do seu percorrido.

9



Campo de Golf - Costa Miño

Campo de 18 fochos nun contorno con magníficas vistas da montaña e do mar. O seu percorrido está salpicado por tres lagos e búnkers que lle dan forma, dificultade e personalidade ao campo.

As instalacións complétanse con restaurante, tenda, vestiario e campo de prácticas.

13



A Ponte Baxoi

Esta ponte medieval dun só arco forma parte da rede de pontes mandadas construír polo benfeitor Fernán Pérez de Andrade "o Bo" no s.XIV para facilitar o paso de carruaxes polos seus dominios. Era un punto de paso para os peregrinos medievais ingleses e de países do norte de Europa.

14



Muíño de vento de Boucelo

A súa construción data de 1840. Estivo en funcionamento durante 60 anos para moer trigo.

Inventariado no centro nacional de muíños de vento de España, é herdeiro dos que apareceron en Persia no S.VII e chegaron a Europa no Século XX.

15

Anotacións

Escanea este código QR para coñecer máis lugares de interese do noso concello

EN CAMIÑO